


E ao MEDIODÍA VÉN REPOÑER FORZAS á TABERNA GORDINI, unha TABERNA TEATRO COS MELORES PRATOS ITALIANOS SERVIDOS POR HABILIDOSOS ACROBATAS, INCRIBLES FORTUZDOS OU SIMPÁTICOS PALLASOS (EDIFICIO INC, DE 13 a 17 h.)



Cidade Imaxinaria

23 de agosto

11:00 - 14:30 | 16:30 - 20:00 h.
Gaiás - Cidade da Cultura | Santiago de Compostela

	11:00 - 11:30	11:30 - 12:00	12:00 - 12:30	12:30 - 13:00	13:00 - 13:30	13:30 - 14:00	14:00 - 14:30	XANTAR	16:30 - 17:00	17:00 - 17:30	17:30 - 18:00	18:00 - 18:30	18:30 - 19:00	19:00 - 19:30	19:30 - 20:00	20:00 - 20:30	20:30 - 21:00
1 TRASTO CARB	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
2 Le Petit Circ			■	■													
3 IMBALANCE			■	■	■	■	■										
4 globoflexia	■	■	■	■	■	■	■										
5 OS MONICREQUES	■	■	■	■	■	■	■										
6 KUDURO en Familia	■	■	■	■	■	■	■										
7 Maquillaxe e Fantasía	■	■	■	■	■	■	■										
8 TORNEO DE CABALARÍA	■	■	■	■	■	■	■										
9 EXTERNET!	■	■	■	■	■	■	■										
10 Rosso a Spasso	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
11 CASTELO POCH	■	■	■	■	■	■	■										
12 CABARÉ PARODIA	■	■	■	■	■	■	■										
12 SIM SALABIM		■	■														
12 Le Belle Escabelle			■	■													
12 ATLANTES																■	
13 Mundo Equilibrios	■	■	■	■	■	■	■										
14 TITELLARIUM	■	■	■	■	■	■	■										
15 Estraña viaxe do TONET	■	■	■	■	■	■	■										
16 Os AMIGOS de CRUSÓ	■	■	■	■	■	■	■										
17 a pesca do Pato	■	■	■	■	■	■	■										

PATRONATO FUNDACIÓN GAIÁS

1 TRASTO CARS

Unha carreira de coches onde pode pasar de todo. Un condutor malvado porá as trampas que teña a man e un científico tolo loitará, co seu enxeño, por atopar e superar todos os enganados.

2 Le PETIT CIRC

O circo máis pequeno do mundo chega ao Gaiás con The piollos show!, un espectáculo especial co que escachar coa risa e no que os protagonistas serán estas pequenas criaturas.

3 IMBALANCE

O artista de rúa máis encantador de Inglaterra preséntanos o seu número de corda frouxa. Un espectáculo no que hai demasiadas pelotas no aire e onde o perigo está sempre presente.

4 globoflexia

Cidade Imaxinaria ofrécenos a posibilidade de comprobar como dun globo saen fermosas flores, divertidos animais e increíbles figuras e aprender trucos para conseguilo por ti mesmo.

5 OS MONICREQUES

Teatríños de luva para nenos e maiores, sombras chinescas, marionetas de fío, monicreques de vara, cono e gran formato, e ata un espazo de creación e construción.

6 Kuduro em Família

Música tradicional angoleña e música electrónica occidental. Deste choque naceu o kuduro, un baile espasmódico do que poderás descubrir todos os segredos grazas a Katembe Project.

7 Maquillaxe e FANTASÍA

Segue as instrucións dos monitores, aprende a pintar a cara das máis diversas cores e con formas moi orixinais e convértese naquilo que se che pase pola imaxinación.

8 TORNEO DE CABALARÍA

Convértese nun valente cabaleiro que, pedaleando nun carril de 10 metros e ataviado cunha gran lanza, deberá apuntar ben e dar na diana.

9 EXTERNET!

Unha rede social... ao aire libre. Isto é Externet!, un divertido xogo no que ademais de tentar atopar ao teu interlocutor seguindo as pistas, poderás descubrir melodías, rir co Facelook...

10 Rosso a spasso

A antiga arte do saltimbanqui revive con Rosso a Spasso. Mazas, lume, maxia, malabares e equilibrios conforman esta bici dunha roda sobre a que xira unha gran caixa chea de sorpresas.

11 Castelo Poch

Convértese nun valente guerreiro e lanza os teus proxectís contra os soldados para salvar á princesa ou príncipe encarcerados. Un pim pam pum xigante no que afinar a túa puntería.

12 SIM SALABIM

Carlos Adriano xogará a sorprendernos con panos e globos multicores, cordas e varas máxicas xigantes, cartas invisibles, corbatas que cobran vida e calcetíns que aparecen da nada.

12 CABARÉ PARODIA

Cabaré parodia saca á rúa o circo tradicional: equilibrios no rulo, bailarinas equilibristas, acrobacias sobre teas e ata un Tigre de Paraty co que poder facerse unha foto para o recordo.

12 Le BELLE ESCABELLE

Sabes cantas utilidades pode ter a escaleira plegable da túa casa? Misturando humor e acrobacias, Doble Mandoble rendirlle unha delirante homenaxe a ese artilluxio tan sinxelo.

12 Atlantes

Desde o fondo do océano, desde a terra sumerxida da Atlántida, seres máxicos e personaxes fantásticos regresan á superficie para inundar as rúas do Gaiás.

13 Mundo Equilibrios

Gustaríache andar sobre zancos sen caer? E facer equilibrios con mazas e pelotas? Sabes facer xirar os pratos chineses? Os pallasos da Troupe Malabó conseguirán que sexa posible.

14 TITELLARIUM

Como é a casa da avoa de Carapuchiña Vermella? E cales son as palabras máxicas de Alí Babá? Descúbreeo en Titellarium, un microuniverso no que xogar cos contos máis famosos do mundo.

15 A Estraña viaxe do SEÑOR TONET

Cada xogo dentro dunha caixa. En cada caixa, unha historia. E en cada historia, un personaxe por descubrir. Non perdas a oportunidade de entrar no mundo de sons, luces e movemento do señor Tonet.

16 "AMIGOS de CRUSÓ

Descubre o increíble mundo de xogos mecánicos, quebracabezas para todas as idades e autómatas de gran formato construídos por Crusó tras o seu naufragio.

17 a pesca do pato

Cantos patíños es capaz de pescar? Amosa a túa habilidade coa cana e enche o cubo co maior número posible de exemplares. Os pescadores máis habilidosos terán premio!



0 Espectáculos

0 Xogos

0 Obradoiros

D Zona de descanso

C Postos de comida

T Tickets e merchandising